

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2024/17

DATA: xoves 14 de novembro de 2024

LUGAR: SALON DE PLENOS DO CONCELLO

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:43 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA PATRICIA SANCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
FRANCISCO REY GRILLE
SARELA BETANZOS FREIRE
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMON VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARIA ELENA ABUIN CAROU
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
MARIA ELENA OTERO OTERO
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
TAMARA GARCIA MUÑIZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSE ALBERTO ANGUEIRA GOMEZ
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

AUSENTES

PSdeG-PSOE
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 684.700 exp. 2024/G010/000017

RATIFICACIÓN DA URXENCIA

1. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022
2. DACIÓN DE CONTA AO PLENO SOBRE OS RESULTADOS OBTIDOS DO CONTROL DAS CONTAS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA EN 2023
3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO SOBRE O RESULTADO DO CONTROL INTERNO EN 2023. ICI 2023.
4. DACIÓN DE CONTA DE ACORDOS CONTRARIOS A INFORMES DE INTERVENCIÓN E OUTROS DE 2023
5. APROBAR INICIALMENTE O CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2024, PARA A DOTACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS REALIZADOS EN EXERCICIOS ANTERIORES
6. APROBAR INICIALMENTE O SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2024 PARA GASTOS DIVERSOS DO EXERCICIO 2024

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000017 e identificado pola pegada dixital:

39d492fd8b9e2cb8f7671b8442de57a14841935a947d3be313b096dbb3593b5c

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=9hAAdBI8Mz8>

ACORDOS

RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Para que entre en vigor neste exercicio 2024, é necesaria a tramitación urxente dos expedientes que van reflexados na orde do día

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PP e 5 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (4 dos membros do grupo PSOE) dos 16

membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

1 DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2023

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2024/T019/000001

De acordo co artigo 193 do texto refundido da Lei das facendas locais, dáselle conta ao Pleno da liquidación do Orzamento de 2020, aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 494/2022, entre a que figura o informe de Intervención do mesmo día, sobre a cuantificación das magnitudes fiscais da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación da liquidación do Orzamento 2023

Expte.: 2024/T019/000001

Por parte da Intervención Municipal completouse a elaboración da liquidación do Orzamento 2023, coa emisión do seu informe o 10/11/2024.

O artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece que a aprobación da liquidación do orzamento correspóndelle ao presidente da entidade local, previo informe da Intervención.

Tras a aprobación da liquidación, esta deberá remitirse coa documentación complementaria que se requira ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual das Entidades Locais (OVEL), nos termos do artigo 15.4 da Orde HAP 2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Polo tanto, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar a liquidación do orzamento do exercicio 2023, co seguinte resumo:

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS	OBRIGAS	AXUSTES	RESULTADO
<i>a. Operacións correntes</i>	<i>9.291.788,94</i>	<i>8.437.749,93</i>		<i>854.039,01</i>
<i>b. Outras operacións non financeiras</i>	<i>1.529.579,91</i>	<i>955.814,49</i>		<i>573.765,42</i>

RESULTADO ORZAMENTARIO				
CONCEPTOS	DEREITOS	OBRIGAS	AXUSTES	RESULTADO
1. Total operacións non financeiras (a+b)	10.821.368,85	9.393.564,42		1.427.804,43
c. Activos financeiros	3.165,39	6.041,56		-2.876,17
d. Pasivos financeiros	144.917,78	222.648,71		-77.730,93
2. Total operacións financeiras	148.083,17	228.690,27		-80.607,10
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	10.969.452,02	9.622.254,69		1.347.197,33
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			971.461,01	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			400.373,75	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			1.753.289,61	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				965.742,48

REMANENTE DE TESOURERÍA		
Compoñentes	2023	
1. (+) Fondos líquidos de tesourería	3.304.618,00	
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	5.661.410,34	
	(+) Do orzamento corrente	2.908.069,68
	(+) Dos orzamentos pechados	2.717.411,72
	(+) De operacións non orzamentarias	35.928,94
3. (-) Obrigas pendentes de pago	985.050,62	
	(+) Do orzamento corrente	658.971,82
	(+) Dos orzamentos pechados	6.93354
	(+) De operacións non orzamentarias	319.145,26

REMANENTE DE TESOURERÍA	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación	-3.374.571,28
	(-) Cobros pendentes de aplicación 3.554.060,34
	(+) Pagos pendentes de aplicación 79.489,06
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	4.506.406,44
II. Saldos de dubidoso cobro	1.927.069,22
III. Exceso de financiamento afectado	1.633.980,50
IV. Remanente de tesourería para gasots xerais (I-II-III)	945.356,72

SEGUNDO

Darlle conta ao Pleno deste acordo, así como remitirlle copia á Administración do Estado a través da aplicación telemática dispoñible na Oficina Virtual para as Entidades Locais, e á Comunidade Autónoma, de acordo cos artigos 193.4 e 193.5 do texto refundido da Lei reguladora as facendas locais, no artigo 91 do Real Decreto 500/1990 e no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro.

TERCEIRO

Remitirlle á Dirección de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia, como órgano de tutela financeira das entidades locais galegas, o extracto do informe de Intervención relativo ao incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria."

"INFORME DE INTERVENCIÓN

Liquidación do Orzamento de 2023

Expte.: 2024/T019/000001

Función de control interno: control financeiro permanente

1. NORMATIVA APLICABLE

A normativa que xustifica a emisión deste informe é a seguinte:

- *Artigo 192.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais.*
- *Artigo 4.2.b)4º do Real Decreto 128/2016, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

A normativa que rexe o asunto que se informa é a seguinte:

- *Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL).*
- *Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).*
- *Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*
- *Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.*
- *Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.*
- *Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para 2013.*
- *Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, da aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*
- *Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*
- *Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*
- *Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.*
- *Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das Comunidades Autónomas e Entidades Locais.*
- *Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RO).*
- *Bases de Execución (BEO).*
- *Acordo do Consello de Ministros do 27/07/2021, no que se lle solicita ao Congreso dos Deputados a apreciación da situación de emerxencia extraordinaria prevista no artigo 135.4 da Constitución, sobre a situación das regras fiscais en 2022.*

- *Acordo do Congreso dos Deputados do 13/09/2021, no que se aprecia a existencia dunha situación de emerxencia extraordinaria, que motiva a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022.*
- *Acordo do Consello de Ministros do 26/07/2022 sobre a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2023.*
- *Acordo do Congreso dos Deputados do 22/09/2022, no que se aprecia a existencia dunha situación de emerxencia extraordinaria, que motiva a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2023.*

2. ANTECEDENTES E CONTEXTO ECONÓMICO

En primeiro lugar quero poñer de manifesto a excesiva tardanza na elaboración da liquidación do Orzamento de 2023. Se ben veño indicando anualmente a necesidade de contar cunha praza de técnico de Intervención que contribúa a unha mellor e máis puntual xestión dos expedientes; neste ano 2024 a acumulación de tarefas multiplicouse por ausencias de persoal no departamento a causa de situacións imposibles de prever. Este é o motivo dun retraso excesivo na elaboración deste expediente.

2.1 Documentación do expediente

Consta a seguinte documentación:

- *Estados contables que reflicten a execución do orzamento do exercicio corrente e dos exercicios pechados.*
- *Informes de Tesourería do 08/11/2024.*

2.2 Conclusións do informe de Intervención á liquidación do Orzamento do exercicio anterior

Para enmarcar o contexto económico de 2023 é conveniente ter en conta as diferentes conclusións extraídas do informe da liquidación do exercicio 2022. O punto 3.3 do informe de intervención realizaba unha diagnose da situación económica:

“3.3 Diagnose da situación económica do Concello de Rianxo

Tras o análise realizado neste informe extráense as seguintes conclusións:

- *Durante o ano 2022 constatouse unha relaxación da disciplina orzamentaria derivada da obrigatoriedade da proposta de gasto, segundo a base 14ª bis das BEO. O financiamento de gastos do exercicio e/ou estruturais sen consignación orzamentaria co remanente de tesourería para gastos xerais incrementouse de 93.243,81 € en 2021 ata 685.870,95 € en 2022. Aínda así, o saldo da conta (4131X) Acredores por operacións pendentes de aplicación orzamentaria incrementouse no 2022 en 83.379,56 €.*
- *O saldo de operacións correntes mellorou lixeiramente en 2022, permitindo incrementar o aforro neto a pesar da maior carga financeira derivada da tendencia alcista do euríbor e tipos*

de xuro das operacións de endebedamento con tipos variables.

- Estase a constatar en diferentes momentos da xestión orzamentaria a existencia dun desequilibrio entre os ingresos e gastos do exercicio: dificultades para elaborar un orzamento equilibrado ou recurso ao remanente de tesourería para financiar gastos sen consignación orzamentaria suficiente que non teñen o carácter de imprevisibles. Considero urxente que se leve a cabo unha avaliación da estrutura do gasto das diferentes áreas municipais co fin de mellorar o autofinanciamento dos servizos públicos que o permitan, aplicando medidas de incremento de ingresos, pero tamén axustando os gastos con criterios de economía, eficiencia e racionalidade económica.
- O remanente de tesourería debe utilizarse unicamente para atender actuacións puntuais e/ou extraordinarias, debendo financiar os gastos estruturais con recursos ordinarios do exercicio corrente. **En 2023 debera financiar, con carácter prioritario, a aplicación orzamentaria dos gastos incluídos na conta (4131X) a 31/12/2023. Por outra parte, tamén no 2023 hai contratos adxudicados pola tramitación de emerxencia sen crédito axeitado e suficiente. Tamén considero prioritaria a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para financiar unha modificación orzamentaria que dote de crédito a estes contratos, que xa están en fase de execución, na súa parte deficitaria.**
- Todas as magnitudes presentan datos satisfactorios, salvo a estabilidade orzamentaria, que arroxa necesidade de financiamento. Non obstante, **dado que as regras fiscais están suspendidas, non é obrigado aprobar un plan económico-financeiro.** Constátase que un dos motivos que influíron na situación de necesidade de financiamento foi a liquidación negativa do PIE 2020, que queda fóra da capacidade de actuación municipal. Non obstante, tamén é certo que o empeoramento da conta (4131X) debido á falta de disciplina orzamentaria, fundamentalmente, influíu no empeoramento deste ratio.

A data de hoxe teño coñecemento da necesidade de acudir a endebedamento financeiro por un importe de 1.090.639,26 €, aproximadamente. Isto suporá un incremento considerable da débeda e da carga financeira, que deberá avaliarse no informe correspondente. Non obstante, tráioo a colación polas repercusións económicas que terá, dada a tendencia alcista dos tipos de xuro. Considero importante reducir o endebedamento bancario na maior medida posible utilizando para elo o remanente de tesourería para gastos xerais.”

2.3 Contexto económico

Consolidación da normalidade tras a pandemia da COVID e mantemento da suspensión das regras fiscais

O ano 2023 pode considerarse un exercicio de total volta á normalidade da actividade económica tras o parón e estancamento coa pandemia da COVID, que tivo especial incidencia en 2020 e 2021. Aínda así, co fin de contribuír á recuperación da actividade económica con políticas expansivas de gasto público, mantívose a suspensión das regras fiscais en 2023.

Novas contratacións en servizos públicos obrigatorios de gran relevancia

No tocante a Rianxo, dous dos servizos municipais máis relevantes víronse afectados polo cese parcial ou total da prestación do contratista:

- *Servizo municipal de saneamento, no tocante á conservación e mantemento das novas instalacións da EDAR de Rianxo.*

O 09/12/2022 o concello recibe as instalacións da nova EDAR de Rianxo, executadas por Augas de Galicia. As ditas instalacións non se recibiron pola empresa concesionaria, Viaqua, por unha serie de motivos que expón por escrito o 18/01/2024. A empresa presenta unha proposta para as labores de explotación, conservación e mantemento das instalacións, mentres non se realice a licitación do contrato do ciclo integral da auga.

Neste contexto, o 26/01/2023, a Alcaldía ditou a Resolución núm. 78/2023, pola que acorda a contratación de emerxencia do servizo Explotación, conservación e mantemento da EDAR de Rianxo, e a súa adxudicación á empresa Geseco Augas, SA. O prezo mensual, IVE incluído, ascende a 24.920,97 € (acordo rectificando pola Resolución da Alcaldía núm. 299/2023, do 12 de abril).

- *Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.*

A empresa que viña prestando o servizo de recollida, Manuel Ordóñez Fernández, SL deixa de prestar o servizo por cese de actividade e o concello acorda a súa contratación, co fin de continuar a prestación deste servizo obrigatorio.

Acúdese novamente á contratación de emerxencia do servizo a Cogami Reciclado de Galicia, SLU, por acordo da Resolución da Alcaldía núm. 180/2023, do 27 de febreiro. O custo mensual, IVE incluído ascende a 29.896,47 €, o que supón un custo mensual adicional de 4.919,68 €.

En consecuencia, o custo destes servizos incrementouse no importe de 29.840,65 € ao mes que, para unha anualidade completa supón unha factura adicional de 358.087,80 €.

Orzamento prorrogado e incremento do gasto por riba das dispoñibilidades orzamentarias

Finalmente, considero importante destacar que no 2023 mantívose, por segundo ano consecutivo, a prórroga do Orzamento do exercicio 2021. O gasto corrente incrementouse notablemente neste ano, e non só polo incremento do prezo dos servizos obrigatorios descrito no apartado anterior. Se ben no peche de 2022 a contía das facturas pendentes de aprobación mellorara notablemente, deixando marxe para a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais, no exercicio corrente a tendencia revertiu e o gasto, fundamentalmente, corrente rebasou as dispoñibilidades orzamentarias. Tanto foi así que o remanente de tesourería non foi suficiente para financiar este gasto adicional.

Tras as eleccións municipais iniciouse a tramitación do suplemento de crédito 03/2024. Para elo, solicitóuselle aos diferentes departamentos información sobre os gastos previstos para o que resta de ano e gastos comprometidos dos que se tivese coñecemento e que non contasen con proposta de gasto autorizada. Tras a recepción da información, a Alcaldía solicitoulle a esta Intervención un informe sobre o

desequilibrio orzamentario que precisa de financiamento adicional á vista da información subministrada polos distintos departamentos, dentro do expediente de suplemento de crédito 03/2023.

O informe, emitido o 18/07/2023, arroxou as seguintes conclusións:

"4. CONCLUSIÓNS

Tras a recollida de información remitida polos departamentos, extraio as seguintes conclusións:

1. Calcúlase un déficit estimado de 1.074.374,63 € tras deducir dos gastos proxectados o financiamento adicional coñecido (remanente de tesourería para gastos xerais e subvención do POS+ Adicional 2/2023):

Descrición	Importe
Gastos previstos sen dotación orzamentaria	1.973.778,35
Financiamento adicional para os gastos previstos sen dotación orzamentaria	899.403,72
Déficit orzamentario estimado	1.074.374,63
Déficit orzamentario estimado/Gastos previstos sen dotación (%)	54,43%
Financiamento adicional/Gastos previstos sen dotación (%)	45,57%

2. Propoño as seguintes medidas, detalladas no apartado 3.4 deste informe:

1º. Priorizar os gastos estruturais e paralizar, na medida do posible, os gastos prescindibles.

2º. Destinar o importe do POS+ Adicional 2/2023 a gasto corrente de servizos públicos obrigatorios.

3º. Tramitar unha modificación orzamentaria financiada co remanente de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

3. As principais consecuencias do gasto que quede sen dotación orzamentaria son as seguintes:

- Empeoramento da estabilidade orzamentaria de 2023.
- Empeoramento do período medio de pagamento a provedores.
- O remanente de tesourería para gastos xerais de 2023 quedará seriamente comprometido, xa que deberá destinarse, en primeiro lugar, ao financiamento dos gastos incluídos na conta (413X) Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento."

O Pleno da Corporación aprobou as medidas recomendadas 2ª e 3ª. Neste sentido, o 28/09/2023 adoptou os seguintes acordos:

1. Participar no POS+ Adicional 2/2023, adicando a achega de 436.826,18 €, integramente a gasto corrente.

2. Aprobar inicialmente o expediente de suplemento 03/2023 por unha contía de 480.110,13 € para gastos do exercicio sen dotación orzamentaria.

Finalmente, o total de gastos que quedaron pendente de aprobación a 31/12/2023 ascendeu a 1.126.496,05

€, a meirande parte deles por parte de dotación orzamentaria, próximo as previsións informadas en xullo, de 1.074.374,63 €.

Esta débeda influirá na xestión económica do exercicio 2024, tanto no empeoramento do período medio de pago, como no destino do remanente de tesouraría de 2023.

3. INFORME

(...)

3.2.7 Estabilidade orzamentaria (EO)

3.2.7.1 Suspensión das regras fiscais

O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria debe verificarse tanto na aprobación do orzamento anual, como nas modificacións orzamentarias como nas liquidacións dos orzamentos (art. 15.1 RD 1463/2007). En particular, o art. 16.2 do RD 1463/2007 establece que “a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe se emitirá con carácter independente e incorporárase ós previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación”. Co fin de realizar unha avaliación completa da situación económica do concello, incluírase o informe neste relativo á liquidación, aínda que posteriormente se transcriba nun informe separado.

Con respecto á prórroga da suspensión das regras fiscais, o 26/07/2022, o Consello de Ministros aprobou a solicitude ao Congreso dos Deputados para que este apreciase por maioría absoluta, que concurría en España unha situación de emerxencia extraordinaria que permita adoptar esta medida excepcional.

O 22/09/2022 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta apreciar que existe unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública. Deste xeito, quedaron suspendidos durante o exercicio 2023 os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En calquera caso, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo nin do resto da normativa facendística, que continúan en vigor.

Igualmente, non supón a desaparición da responsabilidade fiscal, posto que o Goberno fixou unha taxa de déficit de referencia para as Corporacións Locais no exercicio 2023 do 0,1% do PIB que servirá de guía para a actividade municipal. Así, a suspensión das regras fiscais non supón que desapareza a responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas ás que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

O cálculo da estabilidade orzamentaria realizarase con efectos informativos, xa que non producirá ningún efecto durante o exercicio 2024 a causa da antedita suspensión.

En consecuencia, en 2024 non se aplicarán aquelas medidas en relación con incumprimentos en 2023 de regras fiscais constatados coa liquidación do orzamento, ou cos estados contables do peche do exercicio. Por iso, mentres se mantéña dita suspensión, non se esixirá a presentación de plans económico-financeiros nin a súa aprobación nin se aplicarán medidas como a adopción de acordos de non dispoñibilidade de créditos con orixe en aspectos relativos á presentación ou aprobación dos devanditos plans ou ao cumprimento das regras.

3.2.7.2 Cuantificación da estabilidade orzamentaria

Entendendo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria como o equilibrio ou superávit, conséntase a existencia dun incumprimento por unha situación de necesidade de financiamento:

Descrición	2023	2022	Variación	Variación (%)
Saldo ONF	1,427,804.43	145,537.57	1,282,266.86	881.06 %
Axustes	-3,499,708.76	-471,278.31	-3,028,430.45	642.60 %
CF ou NF/INF	-2,071,904.33	-325,740.74	-1,746,163.59	536.06 %
%CF ou NF/INF	-19.15 %	-3.46 %	-15.69 %	
Cumpre/non cumpre	NON CUMPRE			

Descrición	DRN 2023	DRN 2022	Variación	Variación (%)
Impostos directos	2,737,860.63	2,716,199.91	21,660.72	0.80 %
Impostos indirectos	41,050.07	56,633.57	-15,583.50	-27.52 %
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1,344,275.45	1,471,959.90	-127,684.45	-8.67 %
Transferencias correntes	5,168,602.79	4,949,024.14	219,578.65	4.44 %
Ingresos patrimoniais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Alleamento de investimentos reais	750.00	0.00	750.00	0.00 %
Transferencias de capital	1,528,829.91	224,292.60	1,304,537.31	581.62 %
	10,821,368.85	9,418,110.12	1,403,258.73	14.90 %

Descrición	ORN 2023	ORN 2022	Variación	Variación (%)
Gastos de persoal	3,363,886.21	2,936,648.42	427,237.79	14.55 %
Gastos en bens correntes e servizos	4,767,488.44	4,732,031.68	35,456.76	0.75 %
Gastos financeiros	51,113.09	16,886.40	34,226.69	202.69 %
Transferencias correntes	255,262.19	301,645.36	-46,383.17	-15.38 %
Investimentos reais	953,581.49	1,283,561.31	-329,979.82	-25.71 %
Transferencias de capital	2,233.00	1,799.38	433.62	24.10 %
	9,393,564.42	9,272,572.55	120,991.87	1.30 %

Descrición	2023	2022	Variación	Variación (%)
Saldo ONF	1,427,804.43	145,537.57	1,282,266.86	881.06 %
Axustes	-3,499,708.76	-471,278.31	-3,028,430.45	642.60 %
CF ou NF/INF	-2,071,904.33	-325,740.74	-1,746,163.59	536.06 %
%CF ou NF/INF	-19.15 %	-3.46 %	-15.69 %	
Cumpre/non cumpre	NON CUMPRE			

No exercicio 2023 o concello incorreu nunha situación de necesidade de financiamento de -2.071.904,33 €. No 2022 esta situación xa se dera, pero de forma máis moderada. O déficit incrementouse en 2023 nun 536,06 por cento, pasando de -325.740,74 € a -2.071.904,33 €.

Comparando os datos de 2023 cos de 2022, cabe destacar:

- Un saldo de operacións financeiras con un valor moi positivo (1.427.804,43 €), que supuxo un incremento dun 881,06 por cento con respecto de 2022 (145.537,57 €).
- Un incremento do valor negativo dos axustes SEC nun 642,60 por cento, resultando determinante no resultado de necesidade de financiamento.

3.2.7.2.1 Saldo de operacións financeiras

O incremento deste saldo debeuse, en gran parte, ao anticipo de subvencións ao que se fixo referencia anteriormente, xa que os ingresos extraordinarios non supón ningún axuste á baixa. Se ben é certo que en 2022 os ingresos correntes extraordinarios foron superiores aos de 2023, tamén é certo que o anticipo da subvención da rehabilitación do Pazo de Martelo é dun importe con gran impacto (955.828,84 €) e explica unha parte importante desta variación.

3.2.7.2.2 Axustes SEC

Estes axustes teñen como obxecto incluír nos datos orzamentarios da Administración Pública as correccións necesarias para adaptala aos criterios que a contabilidade nacional ten en conta para o seu cálculo.

A desagregación dos axustes aplicados detállase na táboa seguinte:

1) GR00, GR00b e GR00c. Axuste pola recadación dos ingresos dos capítulos do 1 a 3

O criterio seguido polas normas do SEC-2010 é aplicar un criterio de prudencia na imputación dos ingresos propios da entidade, polo que só se poden incluír os ingresos recadados nos capítulos do 1 ao 3. Deste xeito, se a recadación (do exercicio corrente e dos pechados) é inferior aos dereitos recoñecidos netos debe aplicarse un axuste negativo polo dito importe e viceversa.

O elevado axuste negativo está relacionado coa falta de aplicación da recadación do segundo semestre de 2023, que inclúe a do IBI. Actualmente, na Tesourería están traballando por arranxar as incidencias e poder ter os datos definitivos da aplicación da recadación recibida.

DRN	DRN 2023	Recadación corrente	Recadación pechados	Total recadación	Axuste
Impostos directos	2,737,860.63	503,910.26	34,742.95	538,653.21	-2,199,207.42
Impostos indirectos	41,050.07	16,287.15	3,526.45	19,813.60	-21,236.47
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1,344,275.45	706,110.18	36,717.03	742,827.21	-601,448.24
	4,123,186.15	1,226,307.59	74,986.43	1,301,294.02	-2,821,892.13

2) GR002b. Axuste pola liquidación da PIE

Os saldos a reintegrar que se derivan das liquidacións definitivas da PIE deben rexistrarse como menos ingreso e, polo tanto, menos capacidade de financiamento, no ano no que se producen, o que supón un axuste negativo en termos SEC-2010. Pola contra, os reintegros do dito importe que orzamentariamente reducen os ingresos do concepto 42000, mediante devolucións de ingresos indebidos, non deberán computarse, pois xa se fixo cando se notificou a dita liquidación definitiva. En consecuencia, as comunicacións das liquidacións definitivas de reintegro, dan lugar a axustes negativos e os reintegros a axustes positivos.

O único saldo de liquidación definitiva de PIE pendente de reintegro é a de 2020, que terminou de devolverse neste mesmo exercicio:

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Axuste 2023
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE distinta dos anos 2008 e 2009 (2017)	276,459.49

3) GR014. Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento (conta 4131X)

Afondando no criterio de devindicación contable, as normas do SEC 2010 esixen que se contabilicen os gastos realizados, independentemente do seu recoñecemento ou aplicación orzamentaria. Por ilo, este importe debe calcularse como a diferenza entre o saldo final e o saldo inicial da conta non orzamentaria (4131) Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento.

Descrición	41310	41313	Total
Saldo inicial	141,044.85	31,098.97	172,143.82
Saldo final	982,353.34	144,143.71	1,126,497.05
Variación	841,308.49	113,044.74	954,353.23
Axuste			-954,353.23

Como xa adiantei neste informe, o incremento do saldo da conta (4131X) ten un impacto negativo moi importante na estabilidade orzamentaria. Este axuste reflicte o financiamento que están realizando as empresas ao concello vía débeda comercial.

4) GR009. Devolución de ingresos pendentes de aplicar ao orzamentos

O axuste calcúlase entre a diferenza do saldo final e o saldo inicial das obrigas recoñecidas de devolución de ingresos indebidos pendentes de pagamento:

Descrición	Total
Saldo inicial da conta (418)	3,024.08
Saldo final da conta (418)	2,946.97
Variación	-77.11
Axuste	77.11

Descrición	Total
Saldo inicial da conta (418)	5,373.49
Saldo final da conta (418)	6,654.22
Variación	1,280.73
Axuste	-1,280.73

3.2.7.2.3 Conclusións

A explicación ao dato da necesidade de financiamento está, basicamente nos axustes SEC:

- Debido á falta de peche definitivo da recadación do segundo semestre de 2023, que inclúe o IBI, o axuste relativo á recadación dos capítulos 1, 2 e 3 son superiores ao que procedería. Esta circunstancia compensarase no 2024.
- Débeda comercial: o incremento do saldo da conta (4131X) Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento amosa que a débeda comercial constitúe unha fonte de financiamento municipal a través da morosidade, xa que a meirande parte do dito saldo obedece a gastos sen consignación orzamentaria.
- Anticipos de subvencións: dado que no cálculo da estabilidade orzamentaria non se aplica ningún axuste á baixa polos ingresos extraordinarios, estes forman parte do saldo. Neste caso, contribúen positivamente polo seu importe íntegro (516.998,17 €) mellorando o dato da necesidade de financiamento nesa contía.

Constatada a melloría, considero necesario seguir insistindo na aplicación de medidas de disciplina orzamentaria co fin de mellorar a débeda comercial que, nestes últimos exercicios, consiste nun medio de

financiamento importante do gasto público municipal, debido ao importante atraso na aprobación e pagamento das facturas por falta de consignación orzamentaria.

3.2.9 Regra de gasto (RG)

3.2.9.1 Taxa de referencia para a regra de gasto

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Na sesión do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020, fixou a taxa de referencia no 3,3 % para o ano 2023.

Non obstante, como xa se indicou anteriormente, as regras fiscais están suspendidas, polo que non é necesario cumprir co teito de gasto derivado da aplicación desta taxa. Aínda así, mantense a vixencia das obrigas de remisión de información e procede o cálculo do gasto computable de 2023.

1. Empregos non financeiros excluídos os xuros da débeda

Descrición	Liquidación exercicio 2023	Liquidación exercicio 2022	Variación	Variación (%)
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	9,353,031.74	9,255,686.15	97,345.59	1.05 %
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros segundo o SEC	954,353.23	83,379.56	870,973.67	1044.59 %
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Investimentos realizados por conta da corporación local	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Execución de avais	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+) Achegas de capital	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Excluír os imputados ao capítulo 3 (+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	954,353.23	83,379.56	870,973.67	1044.59 %
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+/-) Arrendamento financeiro	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(+) Préstamos	0.00	0.00	0.00	0.00 %

Descrición	Liquidación exercicio 2023	Liquidación exercicio 2022	Variación	Variación (%)
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a provedores 2012	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(-) Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra A.P.	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(-) Grao de execución	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Outros (especificar)	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda	10,307,384.97	9,339,065.71	968,319.26	10.37 %

2. Exclusión dos empregos non financeiros financiados con subvencións doutras Administracións Públicas

Descrición	Liquidación exercicio 2023	Liquidación exercicio 2022	Variación	Variación (%)
(-) Pagamentos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local	0.00	0.00	0.00	0.00 %
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas	-2,358,092.62	-2,131,464.22	-226,628.40	10.63 %
Unión Europea	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Estado	-34,266.64	-643,079.00	608,812.36	-94.67 %
Comunidade Autónoma	-986,787.69	-813,367.14	-173,420.55	21.32 %
Deputacións	-1,328,967.77	-672,558.92	-656,408.85	97.60 %
Outras Administracións Públicas	-8,070.52	-2,459.16	-5,611.36	228.18 %
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0.00	0.00	0.00	0.00 %
Total de gasto computable do exercicio	7,949,292.35	7,207,601.49	741,690.86	10.29 %

Detalle dos gastos financiados con subvención:

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
PACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2019/3/42/1	1.0000	MINISTERIO DE IGUALDADE	Administración estatal E	2,702.84
PACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2022/3/28/1	1.0000	MINISTERIO DE IGUALDADE	E	3,734.74
PACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2023/3/30/1	1.0000	MINISTERIO DE IGUALDADE	E	4,759.26
ELECCIÓN MUNICIPALIS	2023/3/24/1	1.0000	MINISTERIO DEL INTERIOR	E	186.50

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO	2022/2/16/1	0.4730	MINISTERIO DE TPTES., MOVILIDAD Y AGENDA URB	E	22,883.30
				Total E	34,266.64
PEIM 2023-24. PAVIMENTACIÓN DA PISTA A CERQUEIRAS E CAMPELO	2023/2/7/1	0.7392	AGADER	Administración autonómica CA	14,667.86
CULTURA NO CAMIÑO	2023/3/19/1	0.4670	AGADIC	CA	2,500.00
AEDL	2021/3/6/1	0.2544	XUNTA DE GALICIA	CA	281.26
RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS PARA INSTALACIÓNS DE COMPOSTAXE	2022/2/14/1	0.7438	XUNTA DE GALICIA	CA	11,567.10
SEPARACIÓN DE BIORRESIDUOS EN ORIXE E COMPOSTAXE DOMÉSTICO	2022/2/15/1	0.7438	XUNTA DE GALICIA	CA	18,199.54
APROL RURAL	2022/3/19/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	9,660.19
SAF DEPENDENCIA	2022/3/3/1	0.7475	XUNTA DE GALICIA	CA	44,003.24
AEDL	2022/3/31/1	0.2835	XUNTA DE GALICIA	CA	13,692.58
ORIENTADOR LABORAL	2022/3/32/1	0.9805	XUNTA DE GALICIA	CA	22,997.13
RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS PARA INSTALACIÓNS DE COMPOSTAXE	2022/3/34/1	0.7438	XUNTA DE GALICIA	CA	4,733.99
SEPARACIÓN DE BIORRESIDUOS EN ORIXE E COMPOSTAXE DOMÉSTICO	2022/3/35/1	0.7438	XUNTA DE GALICIA	CA	4,679.99
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PAZO DE RIANXIÑO (ALUMNOS)	2022/3/37/1	0.9889	XUNTA DE GALICIA	CA	194,518.91
OBADOIRO DUAL DE EMPREGO PAZO DE RIANXIÑO (EQUIPO DIRECTIVO)	2022/3/38/1	0.9482	XUNTA DE GALICIA	CA	98,051.49
OBADOIRO DUAL DE EMPREGO PAZO DE RIANXIÑO (GASTO CORRENTE)	2022/3/39/1	0.9987	XUNTA DE GALICIA	CA	25,619.46
PLAN CONCERTADO (TRABALLADORAS SOCIAIS)	2022/3/5/1/1	0.5552	XUNTA DE GALICIA	CA	786.88
MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE	2023/2/11/1	0.7081	XUNTA DE GALICIA	CA	4,555.79
MOBILIARIO E EQUIPO DE SON PARA O SALÓN DE PLENOS	2023/2/12/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	11,643.44

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
INVESTIMENTOS DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	2023/2/3/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	7,346.35
NOVIDADES EN GALEGO (BIBLIOTECA)	2023/2/4/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	1,573.40
MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS	2023/2/5/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	2,585.10
COMPOSTAXE DOMÉSTICO DE BIORRESIDUOS LIÑA 2	2023/2/9/1	0.6546	XUNTA DE GALICIA	CA	1,227.70
SAF DEPENDENCIA	2023/3/1/1	0.6998	XUNTA DE GALICIA	CA	338,226.54
CAMPAMENTO DE VERÁN E PLAN MADRUGA	2023/3/10/1	0.4953	XUNTA DE GALICIA	CA	24,427.45
APROL RURAL	2023/3/11/1	0.7088	XUNTA DE GALICIA	CA	17,708.68
VIXILANCIA DE INCENDIOS FORESTAIS	2023/3/12/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	17,099.72
PREVENCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS	2023/3/13/1	0.6229	XUNTA DE GALICIA	CA	19,159.10
AEDL	2023/3/14/1	0.3242	XUNTA DE GALICIA	CA	146.49
ORIENTADOR LABORAL	2023/3/15/1	0.8629	XUNTA DE GALICIA	CA	5,726.66
PLAN CONCERTADO (TRABALLADORAS SOCIAIS)	2023/3/23/1	0.2845	XUNTA DE GALICIA	CA	20,609.35
ANÁLISE DA VIABILIDADE DUNHA COMUNIDADE ENERXÉTICA	2023/3/33/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	14,943.50
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MONTE NOSO (ALUMNOS)	2023/3/37/1	1.0000	XUNTA DE GALICIA	CA	25,402.05
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MONTE NOSO (EQUIPO DIRECTIVO, DOCENTE E ADMTVO)	2023/3/38/1	0.9280	XUNTA DE GALICIA	CA	6,181.58
XULGADO DE PAZ	2023/3/7/1	0.9035	XUNTA DE GALICIA	CA	2,265.17
				Total CA	986,787.69
POS 2019. PAVIMENTACIÓN DA PISTA A MEIQUIZ E RIAL. 1º FASE	2019/2/10/1	0.8295	DEPUTACIÓN	Deputación Provincial/Cabildo Insular DP/CAB	40,484.79
POS 2019. MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CCD TARAGOÑA	2019/2/11/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	93,170.00
POS AD 1/2019. DOTACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO	2019/2/15/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	204,235.26

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
POS 2019. MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHÁN	2019/2/9/1	0.6984	DEPUTACIÓN	DP/CAB	35,641.11
POS AD 2/2019. MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN CEP BREA SEGADE	2020/2/3/1	0.6516	DEPUTACIÓN	DP/CAB	61,103.79
POS 2021. REDE DE ABASTECIMENTO	2021/2/6/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	99,751.55
POS AD 2/2021. DOTACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO	2021/2/7/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	30,736.92
TÉCNICO DE TURISMO	2022/3/16/1	0.9807	DEPUTACIÓN	DP/CAB	225.78
PERSOAL TÉCNICO MMA	2022/3/17/1	0.9915	DEPUTACIÓN	DP/CAB	237.13
PERSOAL TÉCNICO AAMAR	2022/3/18/1	0.9264	DEPUTACIÓN	DP/CAB	259.13
SAF DEPENDENCIA	2022/3/3/1	0.1052	DEPUTACIÓN	DP/CAB	6,192.83
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	2022/3/4/1	0.8489	DEPUTACIÓN	DP/CAB	3,615.97
ANIMADORA CULTURAL	2022/3/6/1	0.3776	DEPUTACIÓN	DP/CAB	240.08
TÉCNICO DEPORTIVO	2022/3/7/1	0.5357	DEPUTACIÓN	DP/CAB	367.33
PEL CONCELLOS	2022/3/8/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	2,435.40
AXENTE DE IGUALDADE	2022/3/9/1	0.8543	DEPUTACIÓN	DP/CAB	453.74
SAF DEPENDENCIA	2023/3/1/1	0.0777	DEPUTACIÓN	DP/CAB	37,553.88
NOITES DE JAZZ	2023/3/17/1	0.6860	DEPUTACIÓN	DP/CAB	15,868.15
REDE CULTURAL	2023/3/18/1	0.5000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	23,783.47
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	2023/3/2/1	0.9001	DEPUTACIÓN	DP/CAB	71,595.75
TÉCNICO DE TURISMO	2023/3/22/1	0.9796	DEPUTACIÓN	DP/CAB	17,157.45
LIMPEZA DE PRAIAS	2023/3/27/1	0.8307	DEPUTACIÓN	DP/CAB	22,381.63
VILADOMAR	2023/3/29/1	0.7900	DEPUTACIÓN	DP/CAB	13,042.50
ANIMADORA CULTURAL	2023/3/3/1	0.3594	DEPUTACIÓN	DP/CAB	9,789.74
POS SOCIAL 2023 (SALVO SAF DEPENDENCIA)	2023/3/32/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	7,012.30
POS AD 2/2023. GASTO CORRENTE	2023/3/34/1	0.7832	DEPUTACIÓN	DP/CAB	436,812.11
TÉCNICO DEPORTIVO	2023/3/4/1	0.5168	DEPUTACIÓN	DP/CAB	14,714.52
PEL CONCELLOS	2023/3/8/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	39,276.00
POS 2023. GASTO CORRENTE	2023/3/9/1	1.0000	DEPUTACIÓN	DP/CAB	40,829.46
				Total DP/CAB	1,328,967.77
CONVENIO CONCELLO BOIRO REFORZO POLICÍA LOCAL	2023/3/26/1	1.0000	CONCELLO DE BOIRO	Outras AA.PP.	3,940.32
CONVENIO CONCELLO NOIA REFORZO POLICÍA LOCAL	2023/3/31/1	1.0000	CONCELLO DE NOIA	Outras AA.PP.	1,472.60

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
CONVENIO CONCELLO POBRA REFORZO POLICÍA LOCAL	2023/3/35/1	1.0000	CONCELLO DE POBRA	Outras AA.PP.	1,145.17
CONVENIO CONCELLO POBRA XESTIÓN DE FACTURAS	2023/3/36/1	1.0000	CONCELLO DE POBRA	Outras AA.PP.	1,512.43
				Total Outras AA.PP.	8,070.52
				Total	2,358,092.62

3. Variacións no nivel do gasto computable como consecuencia de variacións permanentes de recadación

Descrición	Liquidación exercicio 2023	Liquidación exercicio 2022	Variación	Variación (%)
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	0.00	28,544.57	28,544.57	0.00 %
Modificación de tarifas da Ordenanza reguladora do IVTM	0.00	28,544.57	-28,544.57	-100.00 %
			0.00	0.00 %

O informe de Tesourería do 08/11/2024 informou ao respecto: no 2022 modificouse a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis, para introducir unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto para aquelas edificacións que acometesen obras de aproveitamento enerxético. (BOP num. 86, de 6 de maio de 2022). As primeiras bonificacións por este concepto, tramitáronse durante 2024 e producirán efectos durante os exercicios 2025, 2026 e 2027. No 2023 non se aprobou ningunha modificación de ordenanza fiscal referida a ingresos tributarios ou de dereito público, nin tampouco se adoptou ningún acordo de imposición.

En consecuencia, en 2023 non hai incrementos nin diminucións da recadación por cambios normativos.

4. Resultado

Ao non aplicarse taxa de referencia de crecemento do PIB, calcularei a variación do gasto computable 2023-22. Tal e como dixen anteriormente, o límite para o gasto non financeiro derívase da aplicación da normativa orzamentaria, de modo que virá dado polos ingresos non financeiros e o equilibrio do orzamento municipal.

A variación do gasto computable 2023-22 é a seguinte:

Descrición	Liquidación exercicio 2023	Liquidación exercicio 2022	Variación	Variación (%)
Gasto computable do exercicio	7,949,292.35	7,207,601.49	741,690.86	10.29 %

3.2.10 Nivel de endebedamento financeiro (CV)

3.2.10.1 Cuantificación do nivel de endebedamento

No caso do nivel de débeda, tamén se aplica a suspensión das regras fiscais.

O artigo 53.2 TRLFL establece que o nivel máximo de endebedamento ata o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100, calculado do seguinte xeito:

$$\frac{CV}{DRN_{correntes}} \times 100$$

CV: Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada

DRN correntes: ingresos correntes liquidados (dereitos recoñecidos netos) no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo deba realizarse no primeiro semestre do ano e non se teña liquidado o orzamento correspondente.

De igual modo que no caso do aforro neto, hai que considerar a redacción que a disposición final 31ª LOXE 2013 dálle á disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro en relación ao cálculo dos ingresos correntes, xa visto, e en relación ao capital vivo:

“Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e o importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado”.

Da aplicación desta normativa resulta un endebedamento a 31/12/2023 do 38,54 por cento dos ingresos correntes axustados:

CV a 31/12/2023	3,382,088.82
Ingresos correntes axustados	8,774,790.77
CV/Ingresos correntes axustados (%)	38.54 %

Entidade	Préstamo (inclúe as operacións proxectadas)	Capital vivo
Deputación Provincial	PAI 2015	204,423.20
Deputación Provincial	PAI 2016	222,852.95
Deputación Provincial	POS 2017	184,769.03

Entidade	Préstamo (inclúe as operacións proxectadas)	Capital vivo
Deputación Provincial	POS 2018	235,184.48
Deputación Provincial	POS 2019	187,077.56
Deputación Provincial	POS 2020	197,846.31
Deputación Provincial	POS 2021	56,574.89
Deputación Provincial	POS 2023	5,200.31
Banco de Sabadell	807645534588	933,279.61
Banco de Sabadell	807743959825	64,241.22
Abanca	500-0310-068910/8	1,090,639.26
Total (débeda total a 31/12/2023)		3,382,088.82

O nivel da débeda financeira incrementou con respecto do exercicio anterior debido ao maior volume de operacións de préstamo formalizadas. O capital vivo (CV) a 31 de decembro incrementouse en 873.190,86 €, un 34,80 por cento con respecto do 2022. A melloría dos ingresos correntes axustados en 351.697,99 €, un 4,18 por cento con respecto de 2022, non foi suficiente para compensar o impacto da maior débeda financeira contraída para financiar a rehabilitación do Pazo de Martelo:

Descrición	2023	2022	Variación	Variación (%)
CV a 31/12	3,382,088.82	2,508,897.96	873,190.86	34.80 %
Ingresos correntes axustados	8,774,790.77	8,423,092.78	351,697.99	4.18 %
CV/Ingresos correntes axustados (%)	38.54 %	29.79 %	0.0876	






3.2.10.2 Réxime de endebedamento para 2023

Como en anos anteriores, foi publicada a Nota Informativa sobre o réxime legal aplicable ás operacións de endebedamento a longo prazo que poden concertar as Entidades Locais no exercicio 2024, a través da cal, o Ministerio de Facenda analiza as distintas formas de endebedamento que dispoñen as entidades locais para este exercicio. Debo destacar que a suspensión das regras fiscais non afecta as normas que determinan o réxime de endebedamento.

Tendo en conta a confluencia de normativa que opera no réxime aplicable ás corporacións locais para a formalización das operacións de endebedamento a longo prazo, o Ministerio elabora cada certo tempo este tipo de notas aclaratorias.

Así, a través deste artigo, expónse as principais características da regulación do endebedamento a longo prazo.

1. Endebedamento para o financiamento de investimentos

NORMA	SITUACIÓN	CONSECUENCIA	APLICABLE
Artigo 10.4 RDL 4/2012	Remanente de tesourería para gastos, xerais negativo (durante a vixencia do préstamo derivado do MPP 2012-22)	Prohibición	
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto negativo	Prohibición	
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento igual ou inferior ao 75%	Non existe prohibición para concertar operacións de crédito a longo prazo	
